

PREGUNTA DE AER SOBRE A PLACA INAGURATIVA DA PISCINA DE CHAPELA

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

Señor Alcalde, despois de 6 meses dende a apertura ó público do CDA de Chapela, despois de que vostede marcara ese día como a “verdadeira inauguración” dese complexo deportivo, despois de que anunciaran no seu discurso e en varias conversacións con veciños que ía quitar a placa conmemorativa da falsa inauguración feita polo noso anterior alcalde, preguntamos:

Cando pensa cumprir coa súa palabra de quitar a placa que hai no CDA de Chapela e cando pensa poñer unha placa que cumpra o acordo plenario do 28 de marzo de 2012 (onde só se recollerá o día na inauguración e o nome da institución ou institucións que o financiaron)?

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que o acordo plenario refírese ás novas inauguracións. Hai un compromiso de levalo ao consello parroquial de Chapela. O Alcalde sinala que el dixo publicamente que era partidario de quitala pero acatarán o que decida o consello.